

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- O/A PENACADEIRA C.F. é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A PENACADEIRA C.F. practicarán como principal modalidade deportiva a de FÚTBOL e afiliaranse á Federación Galega de FÚTBOL, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A PENACADEIRA C.F. practicarán así mesmo as modalidades deportivas de _____ para o que funcionarán as seccións deportivas correspondentes, que se adscribirán ás respectivas Federacións.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.- O/A PENACADEIRA C.F. someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente.

b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

c) O/A PENACADEIRA C.F. poderá gravar ou enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cós seguintes requisitos:

1. Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes representados na Asamblea Xeral extraordinaria.

...../.....



2. Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxeto social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse, - sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3. Cando se trate de tomar cartos a préstamos en cuantía superior ó 50% do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual o valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.- O/A RENACADEIRA C.F. poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doacións que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- O domicilio social fíxase en BURELA (COTOBADO), Rúa de SENRA Nº2 C.P. 36858, teléfono 763315, debendo, en caso de variación, dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A _____ tamén contará cós seguintes locais e instalacións propias:



CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBLIGACIONES.

Artigo 6º.- O número de socios será ilimitado; a Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión de novos socios cando así o esixan - razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º.- Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo calificaráanse como socios aspirantes, tendo dereito o uso das instalacións sociais mediante a cuota - que fixa a Comisión Directiva, e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumprir a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Comisión Directiva confira esta distinción e tendrán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan económicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

Artigo 8º.- Primeiro: os socios de número tendrán os seguintes dereitos:

- a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral - para o Deporte da Xunta de Galicia, normas de desenvolvemento das mesmas e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinala súa documentación, previa petición razoada da Xunta Directiva.
- e) Expor libremente no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Segundo: Son obrigacións dos socios de número:

- a) Abonar as cuotas que esixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuir ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da Sociedade.



c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bon goberno da Sociedade.

Terceiro: Os socios aspirantes tendrán dereito a disfrutar dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

Cuarto: Os familiares dos socios de número tendrán dereito a disfrutar daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Solitude por escrito dirixida á Xunta Directiva.
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pèrdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO I I I

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º.- Son Organos de representación e goberno do/a PENACADEIRA C.F., a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º.- Primeiro: A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte. O fronte dela haberá un Presidente e formarán parte da mesma un Secretario e un Tesoreiro.

Segundo: O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.



Terceiro: Corresponderá á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade; así como nas comisións que se organicen.
- b) Convocar, por medio do seu Presidente, á Asamblexa Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se crean, así como organiza-las actividades do Clube.
- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.


Artigo 13º.- Primeiro: A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo: A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída / cando estean presentes tódolos seus membros, anque non se convocara convocatoria previa.

Artigo 15º.- Primeiro: O Tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

Segundo: Será obrigación do Tesoreiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se pñerán en coñecemento de tódolos asociados.



Artigo 16º.- O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un periodo de catro anos, coincidindo con periodos Olímpicos.

Artigo 18º.- Primeiro: A Asamblea Xeral é o Organo supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.


Segundo: As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como / extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, ó menos, quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1. A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación de presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- b) Presuposto para o exercicio seguinte.
- c) Proxectos e propostas da Directiva.
- d) Proposición que formulen os socios e que deberán ir firmadas, polo menos, polo quince por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.

2. Deberá celebrarse Asamblea Xeral extraordinaria para a modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva, tomar diñeiro a préstamo, emisión de títulos representativos de deuda ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación das cuotas dos socios.



REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º.- No Libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación.

Tamén se especificarán as datas de alta e baixas e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos Libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas firmáranse, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º.- Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º.- Cada sección deportiva ocuparase de todo o relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva



CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEUDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º.- O/A PENACADEIRA C.F.

poderá emitir títulos de deuda ou de parte alicuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º.- 1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará o efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interés e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os Títulos de deuda sō poderán suscribirse polos asociados e a súa posesión non conferirá dereito algūn especial ós socios, - salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación - vixente.

Artigo 29º.- Os títulos de parte alicuota patrimonial serán, asimesmo suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de deuda e parte alicuota patrimonial serán - transferibles unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 31º.- Os presentes Estatutos sō poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorables dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de - Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos para a súa aprobación.



Artigo 32º.- O/A PENACADEIRA C.F.
extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebrará a tal fin, cun / mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º.- Disolto/a PENACADEIRA C.F.,
o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, reverterá á colectividade, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.



DILIXENCIA: Exhíbese para poder constatar que os presentes Esclutidos
de PENACADEIRA C.F.

N.º 5.115

forall das das de conferéncia do disposto no Decreto nº 327/1983
de 21 do Abril, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 47, de data
13 Maio de 1983; e o art. 16 da Lei Xeral do Deporte
(BOE 17-10-80).

Santiago, 10 de xullo de 1996.

SECCION REGISTRO DE ASUNTOS XURÍDICOS



